



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

**Segundo trimestre de 2017**

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Segundo trimestre de 2017

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 1,2% no segundo trimestre de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior e a nivel nacional mantívose case estable (-0,2%). O custo laboral total en Galicia é de 2.259,71 euros, 324,87 euros inferior á media nacional (2.584,58 euros).
- O custo salarial creceu un 1,3% no segundo trimestre de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia mentres que en España diminuíu un 0,1%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.662,62 euros mentres que a media do conxunto de España é de 1.942,01 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no segundo trimestre do ano aumenta en Galicia o 4,3% e en España o 3,8%.
- Por comunidades autónomas, en nove comunidades diminúe o custo laboral sendo Castilla y León, Murcia e Cantabria as que rexistran os maiores descensos interanuais; Navarra e Illes Balears amosan os maiores incrementos.
- A xornada semanal media pactada é de 34,8 horas semanais en Galicia e de 34,3 horas en España.


Custo laboral. Segundo trimestre de 2017			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
1,2	<b>Custo total</b>	2.259,71	1,2
1,0	<b>Custo salarial total</b>	1.662,62	1,3
0,4	<b>Outros custos</b>	597,09	0,8
-0,3	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	550,39	1,8
-0,1	<b>Percepcións non salariais</b>	55,96	-10,9
	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	9,26	-20,2

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

## 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.259,7 euros no segundo trimestre de 2017, co que aumenta un 1,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral mantense bastante estable (-0,2%) e supera en máis de 324 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.662,6 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 1,3%. En España, o custo salarial diminúe un 0,1%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 1,0% en Galicia, acadando os 1.460,63 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.629,39 euros e diminúe un 0,1% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 597,09 euros en Galicia, co que incrementáanse un 0,8%, mentres que en España aumentan un 0,5%, ata os 642,57 euros. O incremento dos outros custos en Galicia débese principalmente ao incremento do 1,8% nas cotizacións obrigatorias. En España as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social aumentan un 0,8%. As percepcións non salariais e as subvencións e bonificacións diminúen tanto en Galicia como en España.



Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 2,0%. O Custo salarial crece o 2,1% mentres que os Outros custos aumentan o 1,7%, debido principalmente ao incremento das cotizacións obrigatorias do 2,5%.

SERVIZOS. Segundo trimestre de 2017			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
2,0	<b>Custo total</b>	2.162,6	2,0
1,5	<b>Custo salarial total</b>	1.605,2	2,1
0,6	<b>Outros custos</b>	557,4	1,7
-0,3	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	516,9	2,5
-0,1	<b>Percepcións non salariais</b>	49,8	-10,0
	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	9,3	-22,0

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria en Galicia é inferior en 511,61 euros á media nacional, mentres que na Construción a diferenza é de 289,49 euros e nos Servizos de 317,31 euros.

### 3. Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2017, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,8 horas semanais, e destas, pérdense 4,4 horas. En España, a xornada semanal pactada é de 34,3 horas, das que se perden 4,3 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 30,5 horas semanais en Galicia e de 30,2 horas no conxunto do Estado.


O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia o 4,3% e en España un 3,8%. Este incremento débese a un menor número de horas traballadas ao coincidir a Semana Santa no segundo trimestre mentres que o ano anterior fora no primeiro.

Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2017		
	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>		
<b>Custo laboral total</b>	<b>17,1</b>	<b>4,3</b>
Custo salarial total	12,6	4,4
Outros custos	4,5	3,9
<b>España</b>		
<b>Custo laboral total</b>	<b>19,7</b>	<b>3,8</b>
Custo salarial total	14,8	3,9
Outros custos	4,9	3,4

Fonte: INE

#### 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 0,3% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




#### 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Navarra, que superan en máis de 171 euros a media nacional, mentres que en Castilla y León, onde o custo laboral é o máis baixo, o dato é inferior á media nacional en 264,3 euros.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron: Navarra, Illes Balears, Comunitat Valenciana e Galicia; mentres que os maiores descensos rexistráronse en: Castilla y León, Murcia e Cantabria.

## Custo laboral total. 2º trimestre de 2017

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

**Custo laboral:** custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

**Custo salarial:** comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

**Outros custos:** inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

**Hora efectiva:** son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

**Custo laboral por traballador e mes:** mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

**Custo laboral por hora efectiva de traballo:** mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.



# Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2017

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>2.259,71</b>	<b>1,2</b>	<b>2.594,21</b>	<b>-1,19</b>	<b>2.422,62</b>	<b>0,96</b>	<b>2.162,62</b>	<b>1,98</b>
<b>Custo salarial total</b>	<b>1.662,62</b>	<b>1,3</b>	<b>1.889,68</b>	<b>-1,33</b>	<b>1.680,99</b>	<b>2,31</b>	<b>1.605,20</b>	<b>2,06</b>
Custo salarial ordinario	1.460,73	1,0	1.651,43	-0,22	1.478,65	1,46	1.412,27	1,26
<b>Outros custos</b>	<b>597,09</b>	<b>0,8</b>	<b>704,53</b>	<b>-0,82</b>	<b>741,63</b>	<b>-1,96</b>	<b>557,42</b>	<b>1,75</b>
Cotizacións obrigatorias	550,39	1,8	653,07	-0,16	640,60	0,91	516,89	2,48
Percepcións non salariais	55,96	-10,9	61,89	-8,32	107,04	-18,33	49,81	-10,03
Subvencións e bonificacións	9,26	-20,2	10,43	-7,45	6,00	-36,37	9,28	-22,02
<b>España</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>2.584,58</b>	<b>-0,2</b>	<b>3.105,82</b>	<b>0,45</b>	<b>2.712,11</b>	<b>-1,15</b>	<b>2.479,93</b>	<b>-0,24</b>
<b>Custo salarial total</b>	<b>1.942,01</b>	<b>-0,1</b>	<b>2.319,07</b>	<b>0,28</b>	<b>1.944,00</b>	<b>-1,12</b>	<b>1.872,63</b>	<b>-0,03</b>
Custo salarial ordinario	1.629,39	-0,1	1.904,41	0,31	1.609,52	-0,52	1.580,28	-0,10
<b>Outros custos</b>	<b>642,57</b>	<b>-0,5</b>	<b>786,75</b>	<b>0,95</b>	<b>768,11</b>	<b>-1,23</b>	<b>607,30</b>	<b>-0,88</b>
Cotizacións obrigatorias	590,47	0,8	724,35	1,01	675,27	0,16	559,94	0,73
Percepcións non salariais	64,84	-12,6	73,99	-2,89	102,23	-10,99	60,53	-14,83
Subvencións e bonificacións	12,73	-9,4	11,60	-16,61	9,40	-17,18	13,18	-7,57

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2017

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>17,1</b>	<b>4,3</b>	<b>18,3</b>	<b>2,1</b>	<b>16,2</b>	<b>3,3</b>	<b>16,8</b>	<b>5,0</b>
Custo salarial total	12,6	4,4	13,3	2,0	11,2	4,7	12,5	5,1
Custo salarial ordinario	11,0	4,1	11,6	3,1	9,9	3,8	11,0	4,2
Outros custos	4,5	3,9	5,0	2,5	5,0	0,2	4,3	4,8
<b>España</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>19,7</b>	<b>3,8</b>	<b>21,7</b>	<b>5,3</b>	<b>18,5</b>	<b>2,6</b>	<b>19,3</b>	<b>3,6</b>
Custo salarial total	14,8	3,9	16,2	5,1	13,2	2,6	14,6	3,8
Custo salarial ordinario	12,4	3,9	13,3	5,2	11,0	3,2	12,3	3,8
Outros custos	4,9	3,4	5,5	6,0	5,2	2,5	4,7	2,8

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes<sup>1</sup>. Segundo trimestre de 2017

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
<b>Galicia</b>								
<b>Ambas xornadas</b>	<b>30,5</b>	<b>4,4</b>	<b>32,6</b>	<b>5,4</b>	<b>34,4</b>	<b>4,2</b>	<b>29,6</b>	<b>4,2</b>
Tempo completo	34,0	5,0	32,6	5,7	35,1	4,3	33,9	4,9
Tempo parcial	17,3	2,2	21,0	3,0	15,6	1,4	17,0	2,1
<b>España</b>								
<b>Ambas xornadas</b>	<b>30,2</b>	<b>4,3</b>	<b>32,9</b>	<b>4,9</b>	<b>33,8</b>	<b>4,0</b>	<b>29,5</b>	<b>4,2</b>
Tempo completo	34,0	4,9	34,3	5,2	35,2	4,2	33,9	4,9
Tempo parcial	18,1	2,2	19,0	2,2	18,0	1,6	18,1	2,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

<sup>1</sup> A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Segundo trimestre de 2017

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>2.584,6</b>	<b>101,7</b>	<b>-0,2</b>	<b>19,7</b>	<b>100,6</b>	<b>3,8</b>
Andalucía	2.340,3	101,4	-0,2	17,7	98,3	2,0
Aragón	2.508,8	103,6	-1,2	19,4	102,4	2,1
Asturias	2.659,3	106,8	0,8	20,4	105,7	3,3
Balears, Illes	2.428,9	102,7	2,5	17,6	100,4	5,7
Canarias	2.201,3	104,5	0,8	16,3	103,0	1,2
Cantabria	2.413,2	105,1	-2,1	18,1	101,3	2,6
Castilla y León	2.320,3	98,9	-4,1	18,3	99,2	-0,4
Castilla-La Mancha	2.346,3	100,7	0,5	18,4	104,0	5,8
Cataluña	2.773,1	101,8	-0,1	21,1	100,1	3,3
Comunitat Valenciana	2.339,2	101,6	2,0	17,9	100,6	7,0
Extremadura	2.116,6	98,7	-1,6	16,5	99,7	1,4
<b>Galicia</b>	<b>2.259,7</b>	<b>102,4</b>	<b>1,2</b>	<b>17,1</b>	<b>101,9</b>	<b>4,3</b>
Madrid	3.021,1	102,4	-0,5	22,5	102,5	4,5
Murcia	2.295,4	99,6	-2,7	17,8	98,3	4,8
Navarra	2.756,3	104,2	3,4	21,4	101,0	8,6
País Vasco	2.920,4	98,3	-1,3	23,4	96,8	6,6
Rioja, La	2.424,6	103,0	0,4	19,1	101,7	6,3

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Segundo trimestre de 2017

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>1.942,0</b>	<b>103,1</b>	<b>-0,1</b>	<b>14,8</b>	<b>102,0</b>	<b>3,9</b>
Andalucía	1.743,4	102,6	-0,3	13,2	99,5	1,9
Aragón	1.892,3	106,0	-1,0	14,7	104,8	2,3
Asturias	2.016,9	109,9	1,0	15,5	108,8	3,6
Balears, Illes	1.803,1	103,4	3,8	13,1	101,1	7,0
Canarias	1.625,6	104,6	1,0	12,1	103,2	1,3
Cantabria	1.801,9	106,7	-1,7	13,5	102,9	3,0
Castilla y León	1.731,2	101,4	-3,3	13,7	101,7	0,4
Castilla-La Mancha	1.745,7	102,4	0,0	13,7	105,8	5,3
Cataluña	2.106,7	103,6	0,0	16,0	101,9	3,6
Comunitat Valenciana	1.751,6	103,3	2,3	13,4	102,3	7,3
Extremadura	1.580,5	99,5	-2,2	12,3	100,5	0,8
<b>Galicia</b>	<b>1.662,6</b>	<b>102,7</b>	<b>1,3</b>	<b>12,6</b>	<b>102,1</b>	<b>4,4</b>
Madrid	2.296,6	103,7	-0,4	17,1	103,9	4,6
Murcia	1.715,9	101,4	-3,0	13,3	100,0	4,6
Navarra	2.055,7	105,6	4,6	16,0	102,4	9,8
País Vasco	2.163,7	97,3	-1,7	17,3	95,8	6,1
Rioja, La	1.826,7	105,1	-0,5	14,4	103,7	5,3

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Segundo trimestre de 2017

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>642,6</b>	<b>97,8</b>	<b>-0,5</b>	<b>4,9</b>	<b>96,6</b>	<b>3,4</b>
Andalucía	596,9	97,9	0,0	4,5	95,0	2,3
Aragón	616,5	96,9	-2,1	4,8	95,8	1,5
Asturias	642,4	98,2	0,0	4,9	97,0	2,5
Baleares, Illes	625,8	100,6	-1,1	4,5	98,5	2,0
Canarias	575,7	104,0	0,2	4,3	102,4	0,7
Cantabria	611,3	100,4	-3,2	4,6	97,0	1,3
Castilla y León	589,1	92,3	-6,4	4,7	92,6	-2,7
Castilla-La Mancha	600,6	96,0	1,9	4,7	99,2	7,1
Cataluña	666,4	96,6	-0,6	5,1	94,9	2,6
Comunitat Valenciana	587,6	96,8	1,2	4,5	96,0	6,1
Extremadura	536,1	96,5	0,1	4,2	97,4	3,2
<b>Galicia</b>	<b>597,1</b>	<b>101,5</b>	<b>0,8</b>	<b>4,5</b>	<b>101,1</b>	<b>3,9</b>
Madrid	724,5	98,2	-0,7	5,4	98,2	4,3
Murcia	579,5	94,8	-2,0	4,5	93,5	5,4
Navarra	700,6	100,1	0,1	5,5	97,1	5,2
País Vasco	756,7	101,3	-0,1	6,1	99,8	8,0
Rioja, La	597,9	97,0	3,4	4,7	96,1	9,5

Fonte: INE